


# vacaloura

BOLETÍN DO PROXECTO NATUREZA VIVA



## montes e patrimonio arqueolóxico

4

Síntese do patrimonio arqueolóxico dos montes  
Parques e itinerarios arqueolóxicos  
Actuacións puntuais

PROXECTO COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA



FEDER  
INTERREG III-A



CONSELLERÍA  
DO MEDIO RURAL



VILA NOVA  
DE CERVEIRA



CONCELLO  
DE VIGO



DEPUTACIÓN  
DE PONTEVEDRA



MANCOMUNIDADE  
DE MONTES DE VIGO

EDITORIAL

## montes e patrimonio arqueolóxico

*Dentro da perspectiva integral coa que cómpre enfocar a xestión dos montes, especialmente nuns montes coma os nosos de forte carácter urbano, o patrimonio cultural debe ocupar un lugar principal.*

*Os elementos catalogados nos montes da Mancomunidade posúen unha notable relevancia patrimonial, tanto polo propio valor cultural dos elementos coma pola súa diversidade tipolóxica e a súa concentración espacial. Pódense destacar as 30 mámoas presentes nos montes vigueses e que forman parte do gran conxunto de necrópoles de monte Penide, unha importante manifestación da cultura neolítica. Tamén os gravados rupestres, na súa maioría da Idade do Bronce, conforman un conxunto moi singular. Os 46 petróglifos catalogados nos montes da Mancomunidade concéntranse nos montes sudoccidentais, o que lles outorga un valor engadido como instrumentos de educación, información e difusión do patrimonio arqueolóxico. Castros e outros xacementos completan o diverso perfil deste recurso cultural.*

*E cómpre considerar a este patrimonio como un recurso capital do monte, un recurso de gran fragilidade e complexa xestión. O carácter urbano dos montes vigueses esixe entender este patrimonio como parte dos valores sociais que desempeña o monte, como a preservación de recursos hidrolóxicos, a conservación do solo ou a presenza de hábitats para a vida silvestre. A este respecto, calquera proxecto de intervención ten que contemplar medidas activas en relación co patrimonio arqueolóxico.*

*Pero é necesario actuar con prudencia neste fráxil patrimonio. Non é aconsellable expor todos os elementos á presión dos visitantes e poñelos nunha situación de vulnerabilidade, xa que as posibles agresións teñen en moitas ocasións consecuencias irreversibles. Por esta razón os equipamentos culturais e recreativos onde se leven a cabo accións informativas e educativas son imprescindibles. Non obstante, a completa información sobre o patrimonio cultural dos montes dispoñible neste tipo de equipamentos hai que complementala coa experimentación directa das paisaxes arqueolóxicas. Deste xeito, os itinerarios para achegarse aos elementos catalogados deben incluír aqueles máis representativos, evitando percorridos exhaustivos.*

*Aínda así, esta prudencia na difusión do patrimonio arqueolóxico non significa que non haxa que acometer accións integrais de preservación dos elementos e mellora do seu contorno. Cómpre lembrar que o 11% dos elementos catalogados están destruídos na súa maior parte e o 46% está gravemente alterado. O compromiso dos montes veciñais coa conservación dos seus valores e recursos ambientais debe traducirse en iniciativas específicas e ambiciosas de protección e promoción do seu patrimonio cultural.*



número 4 | setembro 2006

### CONTIDO

- 3**  
**Síntese do patrimonio arqueolóxico dos montes veciñais**  
LESERING, S.L.
- 9**  
**Conxuntos e itinerarios arqueolóxicos**  
LESERING, S.L.
- 17**  
**Actuacións puntuais**  
LESERING, S.L.

vacaloura

BOLETÍN DO PROXECTO NATUREZA VIVA



UNIÓN EUROPEA  
FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
INTERREG III-A

**Natureza Viva**, proxecto cofinanciado pola Unión Europea | [www.naturezaviva.org](http://www.naturezaviva.org)  
e-mail: [info@naturezaviva.org](mailto:info@naturezaviva.org)



Boletín cofinanciado pola Deputación de Pontevedra

UN RECURSO BÁSICO DOS MONTES DA MANCOMUNIDADE DE VIGO

# síntese do patrimonio arqueolóxico dos montes veciñais

LESERING, S.L.

Os diversos montes pertencentes á Mancomunidad de Vigo posúen, xa sexa de forma total ou parcial, cerca dun centenar de xacementos arqueolóxicos de diferente tipoloxía atendendo a aspectos cronolóxicos ou funcionais (poboados, enterramentos, etc.).

Aproximadamente un 75% dos xacementos se localizan dentro dos montes veciñais, tanto a zona concreta do xacemento coma a área de cautela ou respecto de protección que lle corresponde. O 25% restante son xacementos situados fóra dos montes aínda que posúen dentro dos montes veciñais unha zona afectada pola área de protección ou cautela arqueolóxica.

Dependendo do tipo de xacemento arqueolóxico, hai unha serie de medidas cautelares de protección que afectan tanto á superficie integral do xacemento coma á zona do seu contorno sometida a protección. Hai unha protección efectiva sobre a área concreta na que se encontra delimitado o xacemento e unha zona de cautela delimitada por unha liña perimetral a 200 metros da área de protección efectiva. Estas medidas de protección son xenéricas e non se diferencian polo tipo de punto arqueolóxico documentado, o que fai moi discutible o valor que se poida dar á súa eficacia.

Así, temos que para un asentamento castrexo ou romano existe a mesma protección que para un túmulo megalítico ou un gravado rupestre. Isto fai que a medida, aínda que en xeral pode ser válida, nalgúhas ocasións resulta excesiva e inadecuada para tratar o tema da cautela arqueolóxica. Este é o caso dos



LESERING, S.L.



LESERING, S.L.

Petróglifo de Fragoselo ou da Pedra Moura. Arriba, detalle; abaixo, vista do muro de protección. Situado en Fragoselo, Coruxo

denominados petróglifos, que non debían de contemplar esas consideracións relativas a movementos de terras no seu contorno, xa que estes puntos arqueolóxicos sinalan tan só lugares de delimitación e termo, que teñen só un valor testemuñal e concreto no punto no que se atopan.

Outro tema a tratar é a situación actual na que se encontran os xacementos arqueolóxicos en cada caso, xa que é moi frecuente que a súa inmensa maioría estea

tan deteriorado que as liñas de delimitación que poidamos efectuar non corresponden á configuración primitiva, polo que as medidas cautelares que poidamos adoptar non deixan de ser unha mera especulación espacial.

Aclaradas estas cuestións, pasamos a continuación a revisar os xacementos arqueolóxicos obxecto deste traballo, iniciando a súa relación por orde cronolóxica, dos máis antigos ou prehistóricos aos máis próximos a nós.

### Mámoas e necrópoles megalíticas

Nº	NOME	PARROQUIA
005	Necrópole de Costa Freiría (Mamoia I)	Candeán
006	Necrópole do Ferradouro (Mamoia I)	Candeán
016	Necrópole das Chans dos Touciños	Candeán
017	Mamoia do Chan do Labrador	Candeán
018	Mamoia do Vixiador	Candeán
026	Necrópole de Cotogrande 1 (Mamoia II)	Cabral
027	Necrópole de Cotogrande 2 (Mamoia I)	Cabral
043	Mamoia de Chan Grande	Coruxo
052	Mamoia de alto de Rebullón 5	Bembrive/Tameiga
053	Mamoia de alto de Rebullón 6	Bembrive/Tameiga
065	Túmulo del parque forestal de Vixiador	Cabeiro
068	Necrópole das Pereiras (Mamoia I)	Bembrive
069	Necrópole de Xunqueiras (Mamoia I)	Zamáns
070	Mamoia II de Sobreira	Valladares
071	Mamoia I de Sobreira	Valladares
073	Mamoia da Gándara	Valladares
074	Mamoia de Veigas Longas	Zamáns
075	Necrópole Mde San Cosme (Mamoia I)	Zamáns
089	Mamoia III da subida á Madroa	Candeán
130	Necrópole das Chans dos Touciños	Candeán
131	Necrópole de Cotogrande 1 (Mamoia I)	Cabral
132	Necrópole de Cotogrande 2 (Mamoia II)	Cabral
133	Necrópole de Cotogrande 2 (Mamoia III)	Cabral
134	Necrópole das Pereiras (Mamoia II)	Bembrive
135	Necrópole das Pereiras (Mamoia III)	Bembrive
136	Necrópole de Xunqueiras (Mamoia II)	Zamáns
137	Necrópole de Xunqueiras (Mamoia III)	Zamáns
138	Necrópole de Xunqueiras (Mamoia IV)	Zamáns
139	Necrópole de San Cosme (Mamoia II)	Zamáns
140	Necrópole de Costa Freiría (Mamoia II)	Candeán
141	Necrópole de Costa Freiría (Mamoia III)	Candeán
142	Necrópole do Ferradouro (Mamoia II)	Candeán
143	Necrópole das Chans dos Touciños	Candeán



LESERING, S.L.



LESERING, S.L.



LESERING, S.L.

Tres vistas da mámoa do Vixiador, túmulo megalítico situado no monte do Vixiador, Candeán

### Cultura megalítica

As necrópoles megalíticas que podemos documentar nos montes comunais de Vigo son os monumentos arqueolóxicos catalogados ata a actualidade que posúen unha cronoloxía máis antiga. Estaríamos falando do período prehistórico en que se desenvolve

o fenómeno da cultura Megalítica, dentro do Neolítico, que poderíamos datar na nosa rexión entre o 3.500/3.000 e o 2.000 antes de Cristo.

A maioría destes enterramentos funerarios, compostos de cámara poligonal pétreo e túmulo de terras e pedras, témolo localizado na parroquia de Candeán e Cabral, cara ao norte, aínda que posuímos algúns exemplares cara ao nacente (parroquia de Bembrive) e ao sur (parroquia de Coruxo, Valadares e Zamáns). Podemos considerar que as necrópoles do norte e leste corresponden a unha necrópole maior que se estende pola súa zona alta.

Na parroquia de Candeán temos as localizadas en Costa Freiría, Ferradouro, Chan dous Touciños, A Madroa e Vixiador. Xa na veciña parroquia de Cabral temos a importante necrópole de Cotogrande, única que foi escavada de forma científica hai escasos anos e que deu interesantes materiais arqueolóxicos e as primeiras datacións de Carbono-14 para a cultura megalítica viguesa.

Na parroquia de Bembrive posuímos o conxunto tumular coñecido por As Pereiras, no que dous dos monumentos estudados pertencen parcialmente á parroquia de Tameiga, xa no municipio limítrofe de Mos.

A necrópole de Xunqueiras localízase na parroquia de Zamáns, ao igual que as de San Cosme e a mámoa de Veigas Longas. En Coruxo temos só un monumento localizado e corresponde á denominada mámoa de Chan Grande. Por último, na parroquia de Valadares temos os enterramentos megalíticos de Sobreira.

### Calcolítico e Bronce: habitat, cavidades e petroglifos

O seguinte período ben representado é o Calcolítico (2.000-1.800 antes de Cristo) e a Idade de Bronce (1.800-600 antes de Cristo), aínda que tendo en conta as investigacións máis recentes, deste último período temos documentado o que sería a súa primeira etapa ou Bronce Inicial.

Pertencentes a esta época prehistórica están os posibles lugares de hábitat ou poboados das Presiñas na parroquia de Coruxo, Cal do Outeiro na parroquia de Oia, e o monte Cabanas en Bembrive.



LESERING, S.L.



LESERING, S.L.



LESERING, S.L.



LESERING, S.L.



LESERING, S.L.

Deste último, en base a escavacións recentes, coñecemos a súa datación cronolóxica; dos dous anteriores, debido a que se catalogaron en base a achados illados de materiais arqueolóxicos localizados de forma fortuíta e datables por paralelismos con outros en contextos semellantes de dita cronoloxía, temos que agardar que se realice algún tipo de intervención arqueolóxica para coñecelos con máis profundidade.

Conxunto de petróglifos do Viveiro, situados en Fragoselo, Coruxo. De arriba abaixo do 1 ao 5

### Gravados rupestres

Nº	NOME	PARROQUIA
040	Petróglifo do Carballoso	Coruxo
044	Petróglifo Redondelos	Matamá
072	Petróglifos de Gándara	Valadares
051	Petróglifo Da Granxa	Coruxo
052	Petróglifos de Campolongo	Coruxo
053	Petróglifo de Pedra Longa	Coruxo
055	Petróglifo As Presas	Coruxo
056	Petróglifo Da Presa das Rodas	Coruxo
057	Petróglifo Do Castiñeirón	Coruxo
058	Petróglifo do alto da Igrexa	Coruxo
059	Petróglifo de Fragoselo/ A Pedra Moura	Coruxo
060	Petróglifo Os Cochos	Coruxo
061	Petróglifo do Alto da Costa	Coruxo
091	Petróglifo Viveiro 2	Coruxo
092	Petróglifo Viveiro 1	Coruxo
093	Petróglifo Viveiro 3	Coruxo
094	Petróglifo Viveiro 5	Coruxo
095	Petróglifo Viveiro 4	Coruxo
096	Petróglifo de Xestoso/ Alto do Polombar	Coruxo
097	Petróglifo Lapa Furada/O Cortiño/Laxiadas	Coruxo
098	Petróglifo de Leixiades 2	Coruxo
099	Petróglifo de Leixiades 1/O Pontón	Coruxo
100	Petróglifo Carballoso 5	Oia
101	Petróglifo Carballoso 4	Oia
102	Petróglifo Carballoso 3	Oia
103	Petróglifo Carballoso 2	Oia
104	Petróglifo de Chan Grande	Coruxo
105	Petróglifo de Chan de Arriba	Coruxo
106	Petróglifo O Eixón	Bede
107	Petróglifo Rodeiras	Comesaña
108	Petróglifo Millaradas 2/ As Presas	Matamá
109	Petróglifo Os Sobreiros	Matamá
110	Petróglifo Lama da Moo	Matamá
111	Petróglifo do monte do Gato/ Os Covelos	Coruxo
112	Petróglifo do monte da Regueira	Cor./Com.
113	Petróglifo do monte da Guieira 1	Comesaña
114	Petróglifo de monte da Guieira 2	Cor./Com./Val.
116	Petróglifo Granseo	Coruxo
117	Petróglifo do alto de Balteiros	Coruxo
120	Petróglifo Penedo de Moura	Coruxo
121	Petróglifo O Tombo	Valadares
122	Petróglifo O Parcer	Valadares
123	Petróglifo de Maceiras	Valadares
124	Petróglifo O Peimallo (Grupo I).	Valadares
124b	Petróglifo O Peimallo (Grupo II).	Valadares
125	Petróglifo da Devesa	Coruxo

As cavidades pétreas do Folón e Porteliña, pertencentes ás parroquias de Coruxo e Valadares respectivamente, deron uns exemplares cerámicos datables nesta época prehistórica, pero a súa función se deberá definir con estudos arqueolóxicos futuros, pois estaríamos diante dun singular tipo de hábitat ou dun lugar de gran valor relixioso ou as dúas cousas á vez.

Mención aparte merecen os numerosos petróglifos que posuímos repartidos maioritariamente pola parroquia de Coruxo e, en menor medida, de Oia e Saiáns. Na actualidade é opinión xeneralizada entre os investigadores deste tema que a súa datación pode variar bastante duns a outros; pero a maior parte deles, loxicamente os que podemos documentar como de tempos prehistóricos, correspondería cara ao ano 2.000, nun inicio do Calcolítico e poderíase prolongar ata os momentos medios do seguinte período (Idade de Bronce). Distinta cronoloxía posuímos



Dúas vistas dos grupos I (arriba) e II do petróglifo O Peimallo, situado en Peimallo-O Freixo, Valadares

para os gravados máis recentes, que nos achegarían a momentos plenamente históricos, desde o medievo a épocas da idade moderna e contemporánea.

Unha vez indicado isto, pasamos a facer un listado dos petroglifos catalogados ata a actualidade na parroquia de Coruxo: Carbaloso, As Presas, Presas das Rodas, O Castiñeirón, Alto da Igrexa, Pedra Moura (no barrio de Fragoselo, sen dúbida o máis importante de todos eles, pola súa superficie gravada e os numerosos motivos xeométricos que enchen practicamente a totalidade da pedra), Alto da Costa, os cinco grupos do Viveiro, Alto do Pombar, Lapa Furada, Leixiades, O Pontón, Chan Grande, Chan de Arriba, Monte da Guieira, Alto de Balteiros e Penedo da Moura. Na parroquia de Saiáns temos os gravados rupestres de Castro de Estea e na parroquia de Oia, os diferentes grupos do coñecido como Carbaloso.

### Cultura castrexa: os castros e a romanización

Por último tamén temos dentro dos montes comunais diversos poboados fortificados da Idade de Ferro (do 600 antes de Cristo ao século I despois de Cristo) correspondentes ao hábitat da cultura castrexa. Son os coñecidos castros galegos, tan visibles na maioría das zonas forestais que posúen certas elevacións, propicias para a defensa das terras fértiles de cultivo, situadas nunha zona inferior.

Castros		
Nº	NOME	PARROQUIA
015	Castro da Madroa	Candeán
021	O Castro de Freiría	Candeán
023	Praza dos Mouros	Candeán
024	O Crasto	Cabral
025	Castro Castríño	Cabral
028	Castro do monte Arieiro	Bembrive
042	O Castro de Estea	Saiáns
046	Monte do Castro	Comesaña
050	O Castro de Beirán	Matamá
062	Castro do monte do Alba/Castro de Valadares	Valadares
063	Castro de Barrocas/ Eira dos Mouros	Valadares
064	Os Castros	Valadares
067	Monte do Castro/ Castro de Xestoso	Bembrive



LESERING, S.L.



LESERING, S.L.

Dúas vistas do petróglifo da Presa das Rodas, en Fragoselo, Coruxo

Estes poboados posúen normalmente un complexo sistema defensivo que fai que a súa extensión sexa ampla, e en ocasións difícil de definir na actualidade debido ao cambio que experimentou o espazo que o rodea.

O fenómeno castrexo na súa fase final vai unido ao proceso da romanización e isto fai que a case totalidade dos asentamentos desta época presente indicios ou mostras moi claras desta aculturación, que vai levar á cultura castrexa a realizar numerosos cambios na súa estrutura, tanto ambientais como económicos ou sociais e, en definitiva, conducirá á formación da denominada «cultura galaico-romana»; con ela iniciaríase o fin do poboamento máximo dos castros, buscando os seus habitantes outros tipos de emprazamento acordes cos novos tempos e que os levarán a establecerse en zonas chás, próximas ao mar ou áreas agrícolas e tender a creación de pequenos núcleos de poboación que darán orixe máis adiante ao nacemento

### Outros xacementos

Nº	NOME	PARROQUIA
022	Torre dos Mouros	Candeán
088	Monte da Pomba	Bembrive
126	Cal de Outeiro	Saiáns
127	As Presiñas	Coruxo
128	Cavidades do Folón	Coruxo
129	Cavidades da Porteliña	Valladares
150	Monte das Cabanas	Zamáns

das parroquias.

De feito, este proceso da romanización está presente en todos os castros que se catalogaron, e escavacións a realizar no futuro poden deparar outros tipos de asentamentos correspondentes a esta época e que hoxe día están pouco documentados. Como dato a ter en conta, na nosa área de estudo están os achados illados do denominado monte da Pomba na parroquia de Bembrive, que nos pode estar evidenciando posiblemente un tipo similar de poboamento romano que non está dentro da tradicional vila romana do século III-IV despois de Cristo.

Sobre os castros propiamente ditos que temos documentados podemos citar os seguintes:

- Na parroquia de Candeán, o coñecido como A Madroa, con apenas lembranzas da súa configuración primitiva, só nos deixa apreciar a extraordinaria posición estratéxica e defensiva que tiña. Tamén nesta zona temos a denominada Torre dos Mouros, cuxo orixe é un castro que se converte con posterioridade nunha torre medieval. Son visibles aínda hoxe restos dos seus muros construtivos e encóntrase numeroso material cerámico de cronoloxía castrexa-romana-medieval nas terras que rodean o pequeno montículo.
- Na parroquia de Cabral temos o pequeno asentamento denominado O Castro.
- Na parroquia de Bembrive, o castro de Arieiro, bastante ben conservado, con grandes dimensións e sistema defensivo.
- En Comesaña está o castro situado no barrio de Casás, moi alterado e modificada a súa estrutura antiga polos traballos de cantería realizados ata datas recentes e do que só quedan evidencias polos abundantes materiais



LESERING, S.L.



LESERING, S.L.

arqueolóxicos que se encontran espallados pola súa superficie, debido ás circunstancias mencionadas.

- Na parroquia de Valadares temos dous castros. Un é o coñecido monte Alba, tamén moi alterado xa dende épocas medievais e que conserva vestixios do citado período, documentando o achado de moedas de bronce pertencente a esa cronoloxía. O outro é o castro de Sobreira, en bo estado de conservación, con recinto habitacional ben definido e sistema defensivo que lle dá ao conxunto unha visión complexa pero adecuada ao tipo de xacemento que representa.
- Por último, no barrio de Estea da parroquia de Saiáns, temos o castro do mesmo nome, que se empraza nun punto moi estratéxico, nunha elevación próxima á costa e que posúe tamén unhas defensas ben conservadas.

Castro da Madroa, Candeán (arriba) e Castro de Monte Arieiro, en Arieiro, Valadares



VALORIZACIÓN DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO DOS MONTES DE VIGO (I)

# conxuntos e itinerarios arqueolóxicos

LESERING, S.L.

Debido ao gran número de xacementos arqueolóxicos que posuímos nos montes veciñais de Vigo, que se achegan a un cento, e sobre todo á existencia doutras zonas e conxuntos arqueolóxicos situados tamén en montes comunais pero de municipios limítrofes, cremos que se dan unha serie de circunstancias importantes que posibilitarían que no futuro se puidesen desenvolver nestas zonas parques arqueolóxicos. Estes parques amosarían ao público en xeral a riqueza arqueolóxica dos montes e contribuirían a toma conciencia do extraordinario patrimonio cultural dos montes e promoverían o respecto e a conservación adecuada dos xacementos.

## Parques arqueolóxicos

Unha vez estudadas todas as posibilidades dos xacementos obxecto de estudo, tanto dentro da nosa zona coma en áreas limítrofes, chegamos á conclusión de que se podería traballar na elaboración de dous parques arqueolóxicos.

O primeiro deles, que se podería denominar «Parque Arqueolóxico dos montes da Madroa, Vixiador e Penide (Vigo - Redondela)», repartiríase xeograficamente entre os municipios de Vigo e Redondela. Nel se contemplarían restos arqueolóxicos de diferentes culturas prehistóricas que deixaron a súa pegada por estes montes. Dende os remotos tempos do Neolítico, hai cinco mil anos aproximadamente, ata a suxestiva cultura castrexa galega, que chegaría a desenvolverse ata aproximadamente o século I despois de Cristo. En medio, teríamos o apaixonante mundo da arte rupestre prehistórica galega con numerosas estacións con motivos diversos representados nas súas rochas: círculos e covañas; cervos, armas, ..., que



LESERING, S.L.

poderíamos datar cara ao 2.000 antes de Cristo.

Este primeiro parque arqueolóxico, ofreceríanos a posibilidade de realizar un longo percorrido pola nosa prehistoria a través do gran número de enterramentos funerarios megalíticos existentes na zona; contemplar os gravados rupestres prehistóricos que nos presentan diversas rochas graníticas que afloran en determinados lugares do conxunto e, por último, visitar varios castros, que nos introducirían nos poboados fortificados castrexos, orixe remoto das nosas parroquias actuais.

O segundo parque proposto, que se denominaría «Parque arqueolóxico rupestre do Maúxo (Vigo- Nigrán)», localizaríase entre os municipios de Vigo e de Nigrán. Sería monográfico e

Petróglifo do Alto da Costa, situado en Fragoselo, Coruxo

dedicárase única e exclusivamente aos gravados rupestres prehistóricos que existen en gran cantidade nas rochas do citado monte, que posúe unha notable extensión.

As numerosas rochas catalogadas con gravados rupestres, que superan o centenar, presentan en ocasións a circunstancia extraordinaria de posuír na mesma rocha tanto gravados realizados en épocas claramente prehistóricas coma outros que foron realizados en momentos xa plenamente históricos (a maioría en tempos medievais, como sinais de termo). Isto dálle un valor engadido ao conxunto, pois pódense analizar in situ as diferenzas existentes entre os dous tipos de gravados, atendendo ao tipo de suco que presentan e en ocasións polas referencias bibliográficas que posuímos para certo número deles.

Pasamos pois a continuación a esbozar brevemente os dous parques arqueolóxicos propostos, tendo claro que para a súa elaboración definitiva habería que realizar novas prospeccións arqueolóxicas intensivas na zona e circunstancialmente algún tipo de escavación, para posuír máis datos sobre os xacementos e así poder mostrarlle ao visitante os xacementos arqueolóxicos perfectamente estudados.

Unha vez realizado o proxecto ou Plan director para estes parques, ou paralelamente, tería que acometerse a sinalización adecuada na zona, facilitar os accesos e por último dotalo dun centro de interpretación para a protección e divulgación dos citados parques.

### Parque Arqueolóxico dos montes A Madroa-Vixiador e monte Penide

Englobaría este parque temático xacementos arqueolóxicos dos concellos de Vigo e de Redondela. No municipio vigués integrarían os montes veciñais das parroquias de Teis, Cabral e Candeán. En Redondela, as parroquias de Trasmañó, Cabeiro e Negros.

No conxunto integrante teríamos un percorrido prehistórico e arqueolóxico, dende o neolítico (3.000 antes de Cristo) ata a etapa final da cultura castrexa e o proceso de romanización das nosas terras (século I despois de Cristo). Nun período



LESERING, S.L.



LESERING, S.L.



LESERING, S.L.

Petróglifos do Alto de Baiteiros (arriba), O Castiñeirón e As Presas. Fragoselo, Coruxo

cronolóxico intermedio teríamos monumentos datables no Calcolítico e a primeira Idade de Bronce (do 2.000 ao 1.500 antes de Cristo).

É interesante sinalar as boas comunicacións existentes para chegar á zona que integraría o citado parque arqueolóxico, que consisten maioritariamente en estradas asfaltadas e, só ocasionalmente, pistas forestais de terra ben conservadas.

Atendendo á súa orde cronolóxica resúmense nos seguintes apartados as rutas que teríamos ben representadas neste parque arqueolóxico.

### Terras de megalitos

Datables nas datas cronolóxicas máis antigas teríamos os monumentos ou túmulos megalíticos funerarios, tamén

coñecidos na nosa zona por mámoas e que poderíamos situar entre o 3.000 e o 1.800 antes de Cristo. Estarían representados na actualidade por uns 100 xacementos arqueolóxicos diseminados por esta zona, concentrándose na parte alta do monte Penide e nas súas ladeiras e sobre todo no monte Vixiador. Teríamos orixinalmente unhas 58 mámoas na zona de monte Penide e 38 entre A Madroa e O Vixiador. Temos tamén que engadir unhas 10 máis que foron documentadas no seu momento e hoxe en día non puideron ser localizadas e temémosos que foron destruídas.

Ademais da importancia deste elevado número nun espazo bastante reducido, destaca a boa conservación dalgúns deles, que presentan cámaras funerarias pétreas á vista así como o túmulo de terra que as cubría.

Ao se localizar na súa maioría nunha zona chá e con pouca distancia uns doutros posibilita tamén a visión dun conxunto megalítico poucas veces igualado.

Esta gran necrópole megalítica de monte Penide, coñecida tamén polos nomes de Chan das Formigas, Chan da Cruz e Chan da Pedra do Couto sitúase fundamentalmente nas parroquias de Trasmañó e de Cabeiro.

Nunha gran superficie cha se encontran diseminados na actualidade preto de corenta megalitos ou mámoas de diferentes medidas que se atopan en

Mámoas 1 e 2 da necrópole megalítica do Ferradouro, situada en Herminde, Candeán



LESERING, S.L.



LESERING, S.L.



LESERING, S.L.

Vista do castro do Crasto, no barrio de Carballal, Cabral

diferente estado de conservación, pero polo xeral podémolo considerar bo. A maioría destes monumentos funerarios conserva o túmulo feito de terra e presentan aínda a coiraza de pedras que o cubrían. Nalgúns casos podemos ver os ortostatos que formaban a cámara funeraria. A totalidade destes xacementos arqueolóxicos presentan sinais evidentes profanación, uns en tempos remotos e outros en épocas máis recentes.

A forma do túmulo é preferentemente circular, cun diámetro medio duns 12 metros, variando entre os máis pequenos, de catro metros, e os maiores de vinte. A altura media que presentan na actualidade é de un metro aproximadamente. Estes xacementos son coñecidos na zona como «os cortillos dous mouros» e existen numerosos relatos etnográficos e prácticas relixiosas relacionadas con estes xacementos.

O dólmen ou megalito máis importante ou representativo deste conxunto é o coñecido como a Mámoa do Rei, que conserva parte do túmulo de terra que o cubría (duns 15 metros de diámetro e uns dous metros de altura), chamando a atención a cámara funeraria formada por sete ortostatos, o seu corredor e a entrada cara ao Nacente, como é habitual neste tipo de monumentos.

### Rochas con petróglifos

A totalidade das mostras da arte rupestre prehistórica que posuímos nesta zona concreta céntrase no monte Penide ou as súas vertentes, pertencendo ao municipio de Redondela e máis concretamente ás parroquias de Trasmañó, Cabeiro e Negros.

Existen diversas rochas que posúen distintos tipos de gravados rupestres prehistóricos, datables cara o 2.000 antes de Cristo e que poderíamos considerar como estacións da denominada «arte rupestre prehistórica galaica». O interese destas pedras graníticas con petróglifos radica en que posúen unha variada tipoloxía de motivos xeométricos e de representacións de armas, que non se dan habitualmente na nosa zona.

Destacaremos a continuación as estacións rupestres máis importantes: petróglifos de Poza da Lagoa, con representacións de armas, como alabardas, e puñais ou espadas cortas. Os gravados rupestres de Chan da Cruz amósannos varios círculos concéntricos e numerosos cruciformes, que delatan a súa utilización como sinais de termos entre as parroquias da zona. Por último nas estribacións orientais de monte Penide posuímos varios grupos de petróglifos que nos ofrecen dende diferentes motivos xeométricos ata outros motivos como un pequeno cérvido.

### Montes con castros

Posuímos varios castros ou poboados fortificados da segunda Idade de Ferro (século VI antes de Cristo ao século I despois de Cristo) nestes montes, destacando o coñecido como castro de Negros, que conserva hoxe en día o seu emprazamento xeográfico apenas alterado, así como a súa configuración primitiva e sistemas defensivos visibles.

Os castros pertencentes ao municipio de Vigo son os da Madroa, moi alterado por construcións diversas, e os castros de Cabral e de Freiría, xa na parroquia de Candeán. Non ofrecen moitas perspectivas á hora de lle sacar un rendemento socio-cultural pois non presentan un estado de conservación bo e está moi modificada a súa configuración antiga. Non obstante, o que posuímos no municipio de Redondela, o denominado Castro de Negros conserva case intacta esa estrutura primitiva e axúdanos a comprender mellor o que era un poboado castrexo da época.

O castro de Negros conforma unha elevación duns 336 metros sobre o nivel do mar, e coñécese con varios nomes: Couto de Negros, Couto do Castro, Castro Grande ou Monte do Castro. Está no



LESERING, S.L.



LESERING, S.L.

Petróglifos do Xestoso-Alto do Polombar. Fragoselo, Coruxo

límite das parroquias de Cabeiro e Negros e domina maxestosamente o val de Louriña, que se estende aos seus pés e por onde ía a vía romana que unía Tui con Pontevedra.

A súa configuración consiste nunha acrópole rochosa e varias terrazas orientadas cara o nacente, por onde se sitúa a súa entrada. Os seus eixes principais miden uns 56 metros en dirección norte-sur e 77 metros en dirección leste-oeste.

O sistema defensivo conta cunha muralla que fortificaba a súa parte alta ou acrópole; posúe terrapléns e un alongado parapeto no seu lado occidental. O forte desnivel que posúe polo nacente constitúe unha defensa natural excelente por esta zona e faino desta forma inexpugnable. En diferentes partes da superficie do castro encóntranse restos de estruturas pétreas relacionadas co seu hábitat. Por último sinalar que se atopan moitos fragmentos de cerámica por todo o xacemento e posúe un abundante folclore sobre mouros e serpes.

Para a posta en valor total deste interesante xacemento teríase que realizar algún tipo de intervención arqueolóxica oficial, cousa que ata a data non se levou a cabo a pesar de presentar este castro moitas zonas a medio escavar pero sempre froito de traballos clandestinos. Sería pois desexable realizar primeiramente unha

serie de sondaxes e unha vez analizadas iniciar unha escavación arqueolóxica sistemática en área, que deixara ao descuberto construcións castrexas para poder ser visitadas e aportar novos datos para coñecer a historia do xacemento.

### Parque Arqueolóxico Rupestre do monte O Maúxo

Estaría integrado polo monte O Maúxo, que se reparte entre os municipios de Vigo e de Nigrán. De Vigo colle as parroquias de Coruxo, Oia e Saiáns, e de Nigrán as parroquias de Priegue, Camos e Chandebrito.

Estaría constituído por montes veciñais dos municipios de Vigo e Nigrán e consistiría fundamentalmente nun parque arqueolóxico dedicado de forma monográfica á arte rupestre prehistórica galega, que como mencionamos anteriormente datariamos do ano 2.000 ao 1.500 antes de Cristo.

Dentro deste parque teriamos un extraordinario conxunto de estacións de gravados rupestres que nos proporcionarían unha excelente visión deste tipo de manifestacións culturais e artísticas que tanto chaman a atención a estudiosos e afeccionados.

Maioritariamente os motivos representados nestes petroglifos son motivos xeométricos, pero dannos un repertorio moi amplo deste tema.

Como particularidade, ademais do número de pedras con gravados que posuímos nesta área xeográfica tan ben definida e delimitada, temos varias rochas con gravados xa de épocas históricas, ben documentados e que permitirían poder identificar e distinguir estes novos petroglifos dos correspondentes a tempos prehistóricos.

O acceso realizaríase por pistas asfaltadas e forestais de terra, tendo en ocasións que camiñar por zonas de monte non sinalizadas. Isto supón certas dificultades que habería que solucionar cunha futura boa sinalización, indicando os itinerarios propostos.

Aquí, debido á dispersión e á gran cantidade de petroglifos, habería que facer unha selección adecuada dos mellores, en función do seu valor arqueolóxico e a súa boa situación para poder ser visitado sen



problemas maiores.

A continuación e a maneira de mera enumeración das estacións rupestres que integrarían este parque, indicando en ocasións as súas características máis importantes, tanto sobre a súa conservación, motivos representados e número deles, etc, pasamos a sinalar ditos conxuntos:

No municipio de Vigo teriamos os seguintes petroglifos:

- Na parroquia de Saiáns, temos as estacións rupestres denominadas: Monte do Castro, Cal do Outeiro, Cabezo de Saiáns e Outerio dos Raposos.
- En Oia teriamos os coñecidos como Monte Pequeno, O Carballoso, Tomada de Maúxo Pequeno e Fonte do Sapo.
- Xa en Coruxo, onde se encontran a maioría dos grupos, podemos destacar os seguintes conxuntos: Pozo da Lagoa, Maúxo Grande, Leixeade, O Pontón, Alto de Balteiros, O Viveiro, A Granxa, Alto do Polombar, Outeiro de Lucas, O Xestoso, O Castiñeirón, Alto da Igrexa, As Presas, A Costa do Can, A Costa de Fraga, Avilleira, Os Cochos, As Muradas, Alto da Costa e A Devesa do Rei, co petroglifo máis famoso da zona, coñecido polo nome de Pedra Moura.

No concello de Nigrán temos as estacións rupestres seguintes:

- Localizadas na parroquia de Priegue: As Lagas, Chan do Pataco, Outeiro dos Lagartos, O Currelo, As Requeixadas, Tomada de Caghanavisas, A Laxe de Requeixadas, Chan de Requeixadas e A Grileira.
- En Camos temos contabilizadas as seguintes pedras con gravados rupestres: Outeiro das Cortes, A Pena e Outeiro da Pena.
- Por último, na parroquia de Chandebrito contamos cos petróglifos da Gabacha, Chan ou Mar de Rapadoiro, Peinetes, O Preguntadoiro, Outeiro da Cañoteira, O Rabete, As Ventanitas e o Outeiro de Xiraldez.

Temos de forma global preto de 125

Detalle da mámoa de Chan Grande. Fragoselo, Coruxo

petróglifos e de seguro aumentaríase o seu número de realizárense prospeccións arqueolóxicas sistemáticas na zona. Cómpre tamén ter en conta que maioritariamente a gran cantidade de puntos arqueolóxicos citados anteriormente constan de varios grupos de rochas que forman a estación rupestre.

En canto aos motivos que podemos apreciar, corresponden en gran número a motivos xeométricos presentando múltiples combinacións de liñas rectas e curvas, así como de cazoletas de diversas dimensións. Existen así mesmo un bo número de representacións de posibles «taboleiros de xogos» ou formas reticuladas, que posúen unha ampla cronoloxía cultural. Tamén, por último, se poden documentar, numerosos «equipos de moenda», identificables nas últimas investigacións arqueolóxicas, con posibles zonas de hábitat prehistórico e que posibilitarían un maior e mellor coñecemento da sociedade que realizou estes gravados rupestres.

Para rematar, sinalar tan só que este futuro parque rupestre non só debía de facer posible a visita á maioría dos petróglifos inventariados senón, por medio de paneis explicativos, introducir ao visitante na época a que corresponden. A este respecto, como comentamos anteriormente, unha das características máis importante desta zona visitable é a de presentar nunha mesma superficie ou en rochas próximas gravados rupestres de diferente cronoloxía e que cumpriron diferente función no seu período cronolóxico.

### Rutas arqueolóxicas

Pódese establecer unha serie de rutas arqueolóxicas dos montes comunais de Vigo, que se poderían relacionar estreitamente con percorridos que visitasen elementos etnográficos, pois son moi abundantes na zona e comparte na maioría dos casos espazos comúns e moi próximos uns doutros.

Tamén cómpre aclarar que dadas as características singulares dos montes comunais deste concello, que en diversas ocasións rodean ou son invadidos por propiedades particulares, as rutas que se propón van combinar nalgúns casos



LESERING, S.L.



LESERING, S.L.



LESERING, S.L.

Vista do contorno e detalles do petróglifo Lapa Furada-O Cortiño-Laxiadas. Fragoselo, Coruxo

montes de ambos tipos de propiedade.

Por outro lado temos que se vai especificar unha serie de itinerarios arqueolóxicos atendendo á zona xeográfica en que se encontran os xacementos e á súa cronoloxía prehistórica. Non se mesturaron para facilitar a súa comprensión inmediata pero que se pode facer engadindo unha ou outra ruta ou itinerario tendo en conta a

súa proximidade.

Tamén se poderían presentar varias rutas arqueolóxicas, que corresponderían a xacementos situados fóra dos límites do concello de Vigo aínda que limítrofes e en ocasións compartindo un mesmo territorio hoxe dividido polos límites municipais. Así teríamos, cara ao concello de Redondela, o gran conxunto arqueolóxico de monte Penide con necrópole megalítica, petróglifos e castros; no de Gondomar, o castro de Chandebrito, cunha situación impresionante e o seu sistema defensivo, ou os petróglifos de motivos xeométricos enigmáticos do Rabete, os extraordinarios gravados rupestres de armas da Pedra das Procesións de Vincios ou o castro de Xián, co seu taboleiro de xogo gravado en rocha. E por último, no concello de Nigrán os numerosos petróglifos dos montes do Maúxo que se espaxan entre Vigo e Nigrán.

Tendo en conta o noso coñecemento desta área de estudo, e reflectindo diversas publicacións que trataron este tema (sobre todo a realizada por J.M. Rodríguez Sobral e Mar Domínguez Pérez) podemos establecer as rutas arqueolóxicas que se recollen nos seguintes apartados.

### Rutas dos megalitos

Poderíamos presentar dous percorridos, localizados en dúas zonas xeográficas ben diferenciadas e afastadas a unha da outra, que nos permitirían asomarnos ao coñecemento dos monumentos da cultura megalítica (do 3.000 ao 1.800 antes de Cristo):

- Dende A Madroa ao monte Vixiador: Iniciaríamos este primeiro percorrido arqueolóxico visitando o famoso dolmen de Casa dos Mouros, o megálito 2 da Madroa, o que se localiza na zona de Herminde, para finalizar co megálito de Costa Freiría, todos eles pertencentes á parroquia de Candeán. Como característica común de todos eles é que teñen á vista e bastante ben conservada a cámara funeraria pétreo do monumento, así como o túmulo de terra que o cubría orixinariamente. Podemos mencionar tamén que malia poder ver na actualidade esta estrutura, foron escavados na súa maioría de forma furtiva ou non chegaron noticias de escavacións legais realizadas.



LESERING, S.L.



LESERING, S.L.

- Desde Sobreira ao alto de San Cosme: Este itinerario iniciámolo na parroquia de Bembrive, cos megalitos coñecidos como Megalito e Mámoa de Chan Seca, que nos amosan os respectivos túmulos funerarios, pero non apreciamos os ortostatos que formaban a súa cámara. Logo continúa cara á parroquia de Bembrive, onde se visita o megalito do Alto de San Cosme, que tamén nos permitirá ver tan só o seu túmulo de terra.

Mámoas de Sobreira, túmulos megalíticos situados no lugar de Sobreira, Valadares. Arriba, mámoa 2, abaixo mámoa 1

### Rutas dos petróglifos

Basicamente imos presentar un itinerario arqueolóxico que vai discorrer integramente polos montes da parroquia de Coruxo e que nos levará a coñecer *in situ* sete pedras con gravados rupestres prehistóricos do denominado «Grupo de arte rupestre prehistórico galaico-portugués» e que podemos situar cronoloxicamente ao redor do 2.000 antes

de Cristo. Os distintos petróglifos irannos amosando os numerosos motivos que presentan, todos eles xeométricos: círculos simples e concéntricos, coviñas e cazoletas, liñas rectas e onduladas, óvalos,...

### Polos montes de Coruxo

O primeiro en ser visitado sería o que se atopa no denominado Outeiro do Castro, para pasar a continuación á coñecida vulgarmente por Pedra Moura, a rocha que temos na zona con máis superficie gravada e con abundante folclore alusivo ás tradicións antigas vinculadas a ela. Logo pasaríamos por O Castiñeirón, cun único motivo circular e ao lado temos os gravados da denominada Presa das Rodas, que combinan de forma extraordinaria liñas curvas con pequenas cazoletas ou coviñas. Logo teríamos o petróglifo de Chan Grande moi ben conservado e con abundante repertorio de motivos, para finalizar co coñecido como Alto da Costa, xa cara á liña divisoria do noso municipio co veciño de Gondomar. Este último vainos chamar a atención polos fondos sucos que presentan os círculos concéntricos e a súa situación na zona alta da rocha que nos permite a súa visión dende a estrada asfaltada de acceso.

### Rutas dos castros

Aquí poderíamos establecer tres percorridos arqueolóxicos que nos amosarían poboados fortificados da denominada cultura castrexa (do 600 antes de Cristo ao século I despois de Cristo), agrupados atendendo á zona xeográfica en que se encontran emprazados.

### Castros do Nacente

O primeiro en ser visitado sería o de Carballal na parroquia de Cabral, logo continuaríase co de Freiría, en Candeán, para volver logo á anterior parroquia e visitar o de Becerreira. Todos eles nos van presentar unha configuración bastante alterada polos labores agrícolas realizados no seu contorno e tamén pola extracción de pedra. Posteriormente achegaríamonos á parroquia de Bembrive, onde visitaríamos dous xacementos: o de Arieiro e o de Chans. Os dous posúen unha boa conservación dos sistemas defensivos (foxos, parapetos e murallas) e



LESERING, S.L.



LESERING, S.L.

Arriba, vista do contorno do petróglifo Leixiades 1/O Pontón, situado en Fragoselo, Coruxo. Á esquerda detalle de Leixiades 2, tamén no lugar de Fragoselo

do recinto que constituía o seu hábitat.

### Castros Centrais

Esta ruta viría dada polos castros seguintes: na parroquia de Valladares polo denominado Os Castros no lugar de Sobreira, que presenta bastante ben conservada a súa forma orixinal; o coñecido como Eira dos Mouros, no barrio de Barrocas, na mesma parroquia; e na parroquia de Matamá o ben conservado de Beirán e O Castro, cun definido recinto superior e terraza alterada por construcións de vivendas.

### Castros do Poñente

Por último, teríamos este itinerario que nos ofrecería a posibilidade de visitar catro castros, con diferenzas moi acusadas, tanto de localización xeográfica coma de dimensións. O primeiro en ser visitado sería o que se empraza no barrio de Casás na parroquia de Comesaña, moi modificado pola existencia de antigas canteiras na súa superficie. Na parroquia de Coruxo, teríamos dous: o do Penedo e o de Outeiro de Castro, con escaso espazo habitable e finalmente achegaríamonos ao situado no barrio de Estea, con boas defensas naturais e sobre o litoral marítimo.

LESERING, S.L.  
lesering.info@mundo-r.com



VALORIZACIÓN DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO DOS MONTES DE VIGO (II)

# actuacións puntuais

LESERING, S.L.

O desenvolvemento destes parques e itinerarios arqueolóxicos debe acompañarse doutras medidas tanto de carácter previo coma complementario. Información e difusión, deseño de itinerarios, sinalización e recuperación de xacementos son exemplo deste tipo de accións.

Se ben conforman un conxunto de accións moi diversas e con distintos graos de prioridade, a súa realización é necesaria para a adecuada posta en valor dos aspectos máis singulares do conxunto patrimonial dos montes veciñais vigueses.

## Equipamiento cultural

O obxectivo concreto desta actuación é ofrecer unha exposición permanente coa función de transmitir unha síntese da información da xeografía e historia da zona, así como dos puntos de interese que se poderían visitar. En concreto, a exposición está concibida como o recurso fundamental para ilustrar e dotar de sentido os elementos arqueolóxicos e patrimoniais presentes nos montes veciñais. O deseño da exposición debería cubrir dous obxectivos esenciais: ilustrar, a través dos recursos didácticos e museográficos necesarios, a narrativa xeral do contido da exposición e ofrecer información para achegar ao visitante os puntos e elementos a revalorizar no marco da creación dos parques arqueolóxicos.

Como acción complementaria debe levarse a cabo a edición de materiais en diferentes formatos que permitan divulgar a riqueza e posibilidades do conxunto patrimonial do espazo ao público en xeral, e ao potencial visitante da zona.

## Definición de itinerarios

Con esta actuación propónse desenvolver a posibilidade de realizar visitas en coche ou a pé aos distintos



LESERING, S.L.



LESERING, S.L.



LESERING, S.L.

Grupo de gravados rupestres do Carballoso, Estomada, Oia. De arriba abaixo, petróglifos 1, 2 e 4

monumentos e paraxes prehistóricas da zona. Serían percorridos orientados, nos que o viaxeiro coñecerá de antemán qué tipo de elementos poderá visitar en calquera dos itinerarios proxectados.

## Sinalización

No seu conxunto, constitúe un tipo de actuación bastante complexo, susceptible

de ser deseñada de formas e con propósitos totalmente dispares ou, incluso, de combinar varias destas opcións distintas. Ademais, require a disposición de tipos de sinais variados, desde sinxelos carteis indicadores, de dirección ou identificación, ata complexos cadros explicativos en puntos ou xacementos especialmente significativos. Esta actuación proxéctase de cara a lograr un dobre obxectivo: facilitar o acceso aos distintos puntos susceptibles de ser visitados e permitir a comprensión do que o visitante poderá ver nestes puntos.

Estes obxectivos traduciranse na colocación de sinais indicativos nas principais vías de acceso, así como de carteis explicativos en diferentes xacementos e puntos recollidos nos itinerarios.

### Recuperación de xacementos

A programación desta actuación parte da necesidade de adecuar para a recepción de visitantes o conxunto de xacementos seleccionados. Por iso este traballo se encamiña a complementar a sinalización facendo visible o elemento patrimonial e facilitar o paseo a través dos xacementos e do seu contorno inmediato.

En efecto, a apertura ao público dos diferentes recursos mobilizados dentro do programa da Área Arqueolóxica da Mancomunidade de Montes do Concello de Vigo, require prever a necesidade de realizar diversos labores de adecuación e mantemento dos xacementos propostos para a visita.

O obxecto deste traballo, consistente sobre todo na limpeza e roza de vexetación, é posibilitar que o visitante perciba as distintas circunstancias recollidas nos diferentes tipos de información (folletos, exposición e carteis).

Aínda que en xeral os labores de adecuación de xacementos para a vista adoitan requirir intervencións custosas, de grande entidade e proporcións, cremos que é posible recuperar e facer visitables xacementos arqueolóxicos a través de accións de menor porte.

No caso da Área Arqueolóxica da Mancomunidade de Montes do Concello de Vigo este tipo de actuacións vese

favorecido pola existencia de xacementos escavados nos que se pode obter a información suficiente para acceder á comprensión daqueles que unicamente se limpian de vexetación. Así, o labor de adecuación irá encamiñado a solventar, na medida do posible, dous problemas que presenta a maioría dos xacementos:

- Espesa cuberta vexetal que impide o seu acceso e en ocasións chega a ocultalos totalmente á vista.
- Alteracións provocadas por distintas obras que, se ben non os afectan gravemente, desvirtúan a súa morfoloxía e configuración orixinal.

Por outra parte será necesario, nalgúns casos, recompoñer ou consolidar pequenas partes alteradas tanto en xacementos coma en zonas anexas, traballo que poderá ser abordado nun momento simultáneo ou posterior ao da limpeza. De todos modos, estes labores resultan moi gravosos dada a cantidade e xacementos que sería conveniente limpar e adecuar. Por iso se debe realizar ao longo de diferentes etapas cuxa calendarización se deberá adecuar e coordinar coa consolidación, sinalización e deseño de itinerarios.

### Escavacións

En moi poucas ocasións se ten a ocasión de poder vincular os poboados ou outro tipos de hábitat do Calcolítico cos gravados rupestres asociados a estes asentamentos. Pero na parroquia de Coruxo existen numerosos petróglifos próximos a posibles asentamentos deste marco cronolóxico, como é caso de As Presiñas ou las cavidades de O Folón.

Castro denominado Os Castros, Sobreira, Valadares




LESERING, S.L.

A posibilidade de lograr atopar a través de escavacións arqueolóxicas una relación entre os habitantes destes asentamentos cos autores dos gravados rupestres suporía un importante fito para a arqueoloxía do NO peninsular. Baixo esta perspectiva tamén son salientables os xacementos de Cal do Outeiro en Saiáns e as cavidades graníticas de Porteliña, en Valadares.

Tamén dentro deste apartado de escavacións podería ser interesante deixar ao descuberto a superficie total do famoso petroglifo de Pedra Moura, en Fragoselo. Sen dúbida, a escavación total desta rocha revelaría gravados hoxe ocultos baixo a vexetación do contorno.

Respecto aos castros, analizados todos os asentamentos castreños dos montes veciñais, o que presenta na actualidade unha mellor conservación, bo acceso e unha estrutura orixinal moi interesante e completa é o castro dos Castros, en Sobreira, Valadares. Estas características son importantes para decidir a escavación dun castro que vai ser obxecto de visitas, polo que a intervención buscará poñer de manifesto un conxunto de estruturas pétreas que fagan doada a interpretación do xacemento arqueolóxico. Xa na actualidade é parcialmente visibles ou identificable unha serie de estruturas relacionadas co recinto habitacional superior e os seus diferentes tipos de defensas.



LESERING, S.L.



LESERING, S.L.

### Recuperación de camiños

Esta actividade presenta un considerable interese xa que posúe unha dobre dimensión: por unha parte serve para recuperar uns elementos específicos de paisaxes pretéritos como son os camiños tradicionais; e por outra, esta acción permite facer permeable a paisaxe e facilitar o tránsito dun público que poida ir progresivamente descubrindo e percibindo os elementos e paraxes que se propón exhibir.

Contorno das cavidades do Folón (Ratoeiros, Coruxo) e da Porteliña (O Freixo, Valadares), xacementos catalogados como lugares culturais e con diferente adscrición cultural

LESERING, S.L.  
lesering.info@mundo-r.com





UNIÓN EUROPEA  
FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
INTERREG III-A